



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Patrimonio e Contratación

Expediente: PCO.001.2024.00258

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO GRUPO 16: ARTEIXO, A CORUÑA E CULLEREDO 2024. ACONDICIONAMENTO-CONSERVACIÓN VÍAS PROVINCIAIS 2024 (2024.1100.0018.0)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

De conformidade co acordo adoptado en sesión plenaria celebrada o 1 de marzo de 2024 no que se aprobaron os proxectos integrados no plan ACONDICIONAMENTO-CONSERVACIÓN VÍAS PROVINCIAIS 2024.

RESOLVO

Contratar mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración (factor prezo), e con arranxo ao Prego Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 26 de febreiro do 2021 (BOP 42 de 04 de marzo do 2021), as obras incluídas no plan ACONDICIONAMENTO-CONSERVACIÓN VÍAS PROVINCIAIS aprobado o 1 de marzo de 2024 que se relacionan.

DENOMINACIÓN	GRUPO 16: ARTEIXO, A CORUÑA E CULLEREDO 2024
CÓDIGO	2024.1100.0018.0
ORZAMENTO	449.922,21 euros
PRAZO DE EXECUCIÓN	5 meses

Información do contrato:

1. Tipo de contrato: Obras.
2. Procedemento: Aberto con único criterio de valoración (factor prezo).

O financiamento do contrato poderá efectuarse con cargo á aplicación 2024/0410/4531/61900